

**Expediente núm.: 875/2023**

**Procedemento:** Contratacións

**Asunto:** POS + 2023: Pavimentación núcleo dos Muiños e outro.

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

En relación co procedemento de licitación das Obras “POS + 2023: Pavimentación núcleo dos Muiños e outro” por procedemento aberto simplificado, e, tendo en conta que, se ben o Anuncio de Licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Estado o día 18 de marzo de 2024 ás 14:39 horas, debido a un erro informático, os Pregos que rixen a licitación non foron obxecto de publicación ata o día 20 de marzo de 2024, ás 14:12 horas.

De conformidade co anuncio de licitación, o prazo de presentación das ofertas para participar no procedemento de contratación finalizaba o día 7 de abril de 2024, ás 23:59 horas (20 días naturais dende a publicación do anuncio de licitación).

Considerase necesario para o interese público, e en aras de favorecer a concurrencia, ampliar o prazo de presentación das ofertas en 2 días naturais, a fin de que os posibles licitadores poidan elaborar a documentación para presentarse á licitación.

Neste senso, o artigo 136 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), sinala que “os órganos de contratación fixarán os prazos de presentación das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato, e respetando, en todo caso, os prazos mínimos fixados nesta Lei”.

Pola súa banda, o artigo 32.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de aplicación supletoria aos procedementos de contratación, sinala que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con ilo non se perxudican dereitos de terceiro.

Por todo ilo, e ao abeiro das facultades que como órgano de contratación me confire a Lei 9/2017, do 8 de novembro,

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Avocar para este trámite concreto a competencia delegada na Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, dada a necesidade de ditar o presente acto á maior brevidade posible.

**SEGUNDO.** Ampliar o prazo para presentar ofertas na licitación da contratación das obras “POS + 2023: Pavimentación núcleo dos Muiños e outro.” ata o día 9 de abril de 2024 ás 23:59 horas.



**TERCEIRO.** Proceder á publicación da presente Resolución no Perfil do Contratante da Xunta de Goberno Local do Concello de Outes aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para xeral coñecemento polos licitadores.

**CUARTO.** Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**

